

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE NOVEMBRO DO 2017 POLA QUE SE ENCOMENDA Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A XESTIÓN ECONÓMICA DO HABER REMANENTE DA LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DO CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑARÍA CIVIL (CITEEC)

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC) a FUAC é un medio propio instrumental e de servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), a súa relación coa UDC considérase, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e artículase a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).

**SEGUNDO.** A UDC vén encomendando á FUAC a xestión económica de proxectos de investigación baixo contrato con base no artigo 83 da Lei orgánica de universidades a través dos diferentes grupos de investigación e centros.

**TERCEIRO.** O pasado 28 de decembro do 2016 as xuntas xerais da Sociedade Xestora do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil, S.L. (en adiante SX do CITEEC) e do Parque Tecnolóxico da UDC, S.L. (en adiante PTEC) acordaron a disolución das sociedades de modo que se abriron os seus respectivos períodos de liquidación.

**CUARTO.** Que, segundo os informes de liquidación do 23 de maio do 2017 da SX do CITEEC e do PTEC, se presenta un haber remanente derivado da SX do CITEEC por importe de 46.896,75 euros, unha vez deducidos os impostos e custos polas liquidacións e traspasos de ambas as sociedades.

**QUINTO.** A UDC a través da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, precisa a xestión económica dos ditos fondos para destinar ao Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil CITEEC (en adiante CT CITEEC) conforme a seguinte

### ENCOMENDA DE XESTIÓN

**PRIMEIRO.** A presente encomenda de xestión baséase no artigo 24.6 do texto refundido da LCSP tendo, por tanto, un carácter obrigatorio para a FUAC, quen deberá aceptala e executala conforme as instrucións dadas desde á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia en canto á interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

**SEGUNDO.** De acordo coa normativa da UDC, a presente encomenda é competencia da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

**TERCEIRO.** Encoméndase á FUAC a xestión económica do remanente resultante da SL do CITEEC para as actividades derivadas no CT do CITEEC polo importe de 46.896,75 euros. Este importe será depositado, como finalización do proceso de liquidación do PTEC, nun proxecto aberto na FUAC para apoio á xestión do centro na conta n.º ES31 2080 0000 7430 4015 9702.

Esta xestión consistirá en soportar os custos de mantemento e funcionamento, así como custos de carácter xeral do CT do CITEEC.

**CUARTO.** A Dirección do proxecto de apoio á xestión encomendado á FUAC será levada a cabo pola persoa responsable da coordinación do CT do CITEEC. Para tal efecto, a Dirección do

Código Seguro De Verificación	fUUUhDxV2+RZFCAanAV3XA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/11/2017 14:14:44
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/fUUUhDxV2+RZFCAanAV3XA==">https://sede.udc.gal/services/validation/fUUUhDxV2+RZFCAanAV3XA==</a>		



proxecto autorizará os ingresos e gastos e disporá que os xustificantes de tales ingresos e gastos sexan recepcionados pola FUAC e neles figurarán neles os seus datos fiscais. Estes serán os seguintes:

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
Paseo de Ronda n.º 47, 2.º andar  
15011 A Coruña  
G15597289

A FUAC custodiará a documentación, teraa á disposición segundo a normativa vixente e atenderá as correspondentes obrigas fiscais.

**QUINTO.** Da contía remanente que se transferirá ao proxecto de apoio á xestión do CITEEC, a FUAC deducirá en concepto de gastos xerais pola xestión económica o 5% do importe total transferido.

**SEXTO.** A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considere oportuno sobre á realización dos traballos da encomenda.

**SÉTIMO.** Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio encomendadas en cuxo desenvolvemento sexa posible, a FUAC empregará a lingua galega e poderá recibir o asesoramento lingüístico do Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

**OITAVO.** En ningún caso a realización da encomenda suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a FUAC e ou seu persoal directo ou vinculado ao CT do CITEEC.

**NOVENO.** A vixencia da presente encomenda rematará coa liquidación do crédito transferido conforme á dirección do CT do CITEEC requira. A presente encomenda non poderá ser prorrogada.

**DÉCIMO.** Corresponde á UDC á interpretación da presente encomenda, así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, o reitor da UDC

### RESOLVE

a) Encomendar á FUAC as actuacións referidas no apartado TERCEIRO da presente encomenda relacionada coa xestión económica dos haberes remanentes da liquidacións da SL do CITEEC.

b) O orzamento para as ditas actuacións ascende á cantidade de CUARENTA E SEIS MIL OITOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CON SETENTA E CINCO EUROS (46.896,75 €), ive incluído, que se traspasará dos fondos finais da sociedade PTEC e que se desagregan nos seguintes conceptos:

- 44.551,91 euros correspondentes aos custos directos de mantemento e xestión xeral do CT do CITEEC.
- 2.344,84 euros correspondentes ao 5% do custo de xestión delegada da FUAC.

A Coruña, 20 de novembro de 2017

O reitor

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	fUUUhDxV2+RZFCAanAV3XA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/11/2017 14:14:44
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/fUUUhDxV2+RZFCAanAV3XA==">https://sede.udc.gal/services/validation/fUUUhDxV2+RZFCAanAV3XA==</a>		

